

Reapertura do tramo Ourense-Monforte trala reforma

Páxina III



A Deputación aproba un orzamento de 105,1 millóns

Páxina IV



Melloras nos accesos a Mourentán

Páxina X



Exhumación no cemiterio de Cabreira

Páxina XI



O BNG Tui rompe co PSOE e pasa á oposición

Páxina XIII



Premio europeo pola reforma da Praza da Burgueira

Páxina XV



## Manzaneda ten a punto 23 pistas e 17 quilómetros esquiables

Páxina VI

Entrevista




Ana María Núñez Álvarez | Primeira Tenente de Alcalde de Tui

“Tui ten potencial para converterse nun referente europeo sobre patrimonio xudeu”

Páxina XIV



Bo Nadal



Hilario Serodio Grande (xerente)

## MESÓN DO MANOLO

Menú especial  
Fin de ano

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías, cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

## OURENSE

## Escolares lembran a Blanco Amor

O cemiterio de San Francisco acolleu a tradicional ofrenda floral homenaxe ao escritor ourensán Eduardo Blanco-Amor, ao carón do lugar onde repousan os seus restos. Este acto realízase, organizado pola fundación que leva o nome do autor, cada 1 de decembro con motivo do aniversario do pasamento do intelectual ourensán, hai xa 45 anos. Neste caso, por coincidir en domingo, trasladouse ao luns a ofrenda. A Deputación de Ourense sumouse a esta conmemoración coa participación do director da área de Cultura, Marcos Vázquez.

Esta homenaxe a Blanco-Amor no cemiterio de San Francisco naceu a comezos dos anos 80, a iniciativa de Marcos Valcárcel e outros amigos de Eduardo Blan-



Homenaxe o día 2 de decembro no Cemiterio de San Francisco.

co-Amor, á que se sumou de inmediato o IES de A Ponte, que nesa época pasaría a chamarse IES Eduardo Blanco Amor a petición da profesora María do Carmo Henríquez Salido.

O presidente da Fundación Eduardo Blanco Amor, Luis González-Tosar, participou no acto acompañado polos rapaces do instituto que leron poemas fronte a tumba do escritor.

## Traballos arqueolóxicos en San Xoán de Camba



Os traballos comezaran no ano 2022.

Manuel Pardo, subdelegado da Xunta en Ourense, supervisou o comezo dos novos traballos de consolidación e acondicionamento no antigo mosteiro de San Xoán de Camba, (Castro Caldeas) co obxectivo de ampliar a súa investigación e revalorización. Pardo explicou que, cun orzamento de 25.000€, estas tarefas veñen dar continuidade ás campañas anteriores, realizadas desde 2022, para favorecer a posta en valor deste sitio histórico de obrigada referencia na bibliografía especializada porque permitiu reformular os distintos

períodos da cultura castrexa. Así, con esta nova actuación, o Goberno galego leva investido ata o momento no xacemento máis de 54.000€.

Os labores, cun período estimado dun mes, concéntranse en limpeza e roza de vexetación da contorna, na diagnose do estado de conservación e na consolidación dos restos arqueolóxicos descubertos. Tamén se fará un levantamento topográfico en tres dimensións da área de actuación e un debuxo das estruturas exhumadas. Todo isto completase coa recollida de mostras e documentación gráfica.

## A Deputación destina 600.000 euros para o regadío da Limia

A Xunta de Goberno da Deputación de Ourense aprobou diversas axudas por un importe total de 884.732,29 euros. De todas elas destaca a achega concedida á Comunidade Xeral de Regantes Nova Limia

para a modernización do instalación do regadío, cun importe total de 600.000 euros.

O resto das axudas, 284.732,29 euros, están destinadas a diferentes entidades (45.000 euros) e a concellos (239.732,29). As

entidades beneficiarias por estas axudas son a Asociación Coordinadora Festa da Istoria; a Asociación Ruta do Viño do Ribeiro para actividades de promoción e Claqueta Coqueta SL, para o proxecto "Os Centenarios".

**acouBAR**  
Comida tradicional galega  
Especialidade: Cachopo.  
**Felicidades**  
Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE

**Capricho**  
**Feliz Navidad**  
CASCO HISTÓRICO OURENSE  
Rúa Lepanto, 17 - bajo - OURENSE  
Tfno. 988 981 601

**FELIZ NAVIDAD Y PRÓSPERO 2025**  
**Las tapitas de Marian**  
Empanada de maíz.  
Arroz con zamburiñas. Ensaladas. Tarta de Allariz.  
Rúa Lepanto, 19 . Tfno. 622 70 90 45 . OURENSE

**PORTA DA AIRA**  
**Feliz Nadal e Aninovo**  
VIÑOTECA TAPERÍA  
Rúa Viriato, 10. Tfno. 988 60 17 56. OURENSE

## Reapertura da liña férrea Ourense-Monforte tras dous anos de obras

Eladio Santos, subdelegado do Goberno en Ourense, Gloria Prada, tenente alcalde de Monforte de Lemos, e Luís Palacios, xefe da Área de Mantemento de ADIF en Ourense, participaron na viaxe inaugural en tren do tramo Ourense-Monforte, logo de que rematasen as obras de mellora que obrigaron a que os viaxeiros se desprazasen durante dous anos en autobús entre as dúas cidades.

Tratouse dunha reforma completa deste primeiro tramo, cunha distancia de 46 km e complexa orografía. "Realizouse unha renovación integral da plataforma, travesas, vía, catenaria, iluminación, sinalización, calibre de túneles e viadutos, así como a mellora na dixitalización e conexión cos centros de control de tráfico", detallou Eladio Santos. "É unha importante inversión nunha vía que data do século XIX e que precisaba dunha aposta económica forte, como fixo este Goberno, conseguindo garantir así a seguridade, eliminando ademais pasos a nivel, e a sostibilidade deste recurso de comunicación, que favorecerá tamén ao transporte de



Participantes na viaxe inaugural de Ourense a Monforte.

mercadorías", engadiu.

Neste momento, continúan os traballos no trazado que une Monforte e Lugo, "dentro dos prazos programados", aclarou o subdelegado. Os que, ao seu remate, facilitarán a conexión da capital luguesa coa alta velocidade a través de Ourense.

Para a realización total das obras entre as dúas capitais de provincia, o Goberno destinou 650 M€, atopándose aproximadamente o 95% executado ou en

execución, e incluíndose neles a renovación da Estación Intermodal de Ourense e melloras na estación de Monforte.

Ademais, Santos fixo fincapé en que este proxecto do Goberno contribúe á conexión interrexional, "moi importante no que respecta á unión en ferrocarril coa zona do Bierzo, León e Valdeorras. E virá acompañado dunha mellora e maior frecuencia de comunicacións entre León e Galicia", adiantou.

## Plan de Vialidade Invernal para mil quilómetros de vías provinciais



O parque de maquinaria está no polígono de San Cibrao das Viñas.

No parque provincial de maquinaria prepárase o operativo do Plan de Vialidade Invernal, que cunha dotación de preto de medio cento de profesionais, unha vintena de vehículos e unha reserva de 1.850 toneladas de sal ten por obxectivo manter a seguridade nos 1.000 quilómetros de vías provinciais onde hai risco de neve e xeo.

"Achácaselle a esta Deputación que gasta moito en persoal, pero a importancia do mesmo radica en que apostamos pola prestación de servizos de maneira

directa, por iso esta campaña se prestará con medios propios", reivindicou Luís Menor, presidente da Deputación. Destacou que un 40% do total da rede viaria provincial atravesa zonas que se atopan a máis de 700 metros de altitude, polo que o plan despregará os medios nestes puntos a medida que sexa necesario. A previsión é que o operativo de vialidade invernal se estenda ata o próximo 30 de abril de 2025, blindando as vías provinciais fronte a meteoroloxía adversa durante os catro meses de maior risco.

**ALPENDRE PULPO**

*Parabéns*

Tapas, revoltos, montados.

Rúa Fornos, 2. Casco Vello OURENSE

**BAR FUENTEFRÍA**

Callos  
Empanadas  
Afumados  
Carnes  
Queixos  
Ensaladas  
Clásicos

**Boas Festas**

Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

**Bo Nadal e Aninovo**

**Café Druida**

Especialidade en licor café e combinados

Praza Maior, 8 Ourense

CASCO HISTÓRICO

OURENSE

**Taberna Enxebre**

Feliz Nadal e Aninovo

607 085 027 Lepanto, 14 bajo Ourense

## OURENSE

# A Deputación aproba un orzamento de 105,1 millóns de euros

A corporación provincial aprobou a proposta de orzamentos da Deputación de Ourense para 2025 que alcanza 105,1 millóns de euros, un 9,42 % máis que no presente exercicio, o que supón un aumento de 9.050.000 euros. Destaca a suba do 91,76 % reflectida no capítulo de investimentos, unha partida dotada con case 9,9 M€ (9.885.921,73) e que experimenta un aumento de 4,73 M€, case o dobre que no presente ano. Cun peso do 9,41 % no cómputo global dos orzamentos, o capítulo de inversións recolle partidas como augas e medio ambiente, con 3,2 M€; vías provinciais con 4,5 M€ (neste exercicio era de 1,5 M€); 680.000 euros para o parque móbil e de maquinaria; e 756.000 para cultura e deporte.

Á dotación íntegra do Plan CooperOU para o conxunto do próximo ano: 18 millóns de euros, dos que 10,8 proceden de transferencias correntes e o resto, 7,2 millóns de transferencias de capital.

En materia de gasto corrente, bens e servizos para o funcionamento da entidade, os orzamentos



terán unha partida de case 25,8 M€ (25.798.370,58 €), un 10,79 % máis e un 24,40 % sobre o total do orzamento. Preto de 8 M€ para Medio Ambiente; 4,18 M€ en Vías e Obras, parque maquinaria e cooperación; 3,3 M€ para Cultura; 1,2 a Benestar e case 1 millón en Deportes.

Para transferencias correntes consígnanse 21,7 millóns (21.746.707,69 €), un 3,28 % máis e un peso no conxunto do orzamento do 20,69 %. Entre as partidas máis importantes figuran os 3 M€ destinados aos GES e o Consorcio contra Incendios e de Salvamento; 2,4 M€ para o Inorde;

2,3 M€ para acción social con concellos (SAF) e entidades; e 1,16 M€ para fomento do deporte, ademais dos 10,8 M€ xa citados para o Plan CooperOU. Para transferencias de capital, a totalidade dos recursos (7.240.000 €), están destinados como xa se sinalou ao Plan CooperOU.

O capítulo de persoal ten unha partida de 39,8 M€ (39.829.000 €), cun peso do 37,90 % sobre o conxunto dos orzamentos, cun aumento de 1,3 M€ (3,45 %), motivado fundamentalmente pola aplicación das actualizacións salariais dos empregados públicos aprobada polo Goberno central.

# Ourense é a máis favorecida da concesión dos novos obradoiros duais



O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, desprazouse ao Concello de Monterrei para, acompañado do seu alcalde, José Luís Suárez, o alcalde de Cualedro, Luciano Cuquejo, e Ana Villarino, alcaldesa de Oímbra, inaugurar o obradoiro de emprego Búbal IV, no que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración inviste 420.928 euros na formación de 20 alumnos – traballadores no módulo de actividades auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (7), actividades au-

xiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería (7) e atención sociosanitaria a domicilio (6).

Pardo lembrou que Ourense é a provincia máis favorecida da concesión dos novos obradoiros duais de emprego polo Goberno galego. Deste xeito, a Xunta concedeu axudas a 27 obradoiros a Ourense, 22 á Coruña, 20 a Pontevedra e 17 a Lugo. Máis de 36 millóns de euros que beneficiarán máis de 1.700 persoas a través da realización de arredor de 90 obradoiros duais en toda Galicia.

**Feliz Aninovo**  
O Inocente Taparía  
Menú do día  
Comidas e ceas para grupos  
Comidas para levar  
Rúa Velázquez, 11. Tfno. 988 616 554 O COUTO. (Ourense)

**Boas Pascuas**  
TABERMA A LAREIRA  
Churrasco. Parrillada. Polbo.  
Tfno 617 64 93 88.  
Rúa Velázquez, 9 soto. O Couto. Ourense.

**Café Maio**  
Felices Festas  
988 10 10 63 .Rúa Velázquez, 29. OURENSE

**A OFICINA**  
Bar de pinchos  
Goza dun agradable ambiente e desconecta da túa rutina co mellor persoal degustando unha consumición.  
988 31 80 83  
Rúa Juan de Angas, 12 O COUTO (Ourense)  
**Feliz 2025**

# San Paio de Abeleda, patrimonio natural

Por Asun Losada Dorado

**H**ai algo máxico na decadencia dalgúns lugares. Cando a natureza toma o control lémbra-nos que os seres humanos só estamos de paso aquí. É o que sucede no Mosteiro de San Paio de Abeleda, situado na parroquia que leva o seu mesmo nome, en Castro de Caldelas.

Aínda que hoxe atópase en ruínas, cada pedra murmura a historia do seu esplendor pasado e a súa relevancia na vida da zona. Desde que en 1127 Alfonso VII outorgou o coto do mosteiro aos irmáns Sancho e García Gundisálvez como recompensa polos seus servizos, este espazo agora sacro converteuse no corazón espiritual e social da comarca. Que pensarían eles daquel legado? Sen dúbida a calma espiritual da propia paisaxe sería un bálsamo para corazóns entregados en batallas.

San Paio foi refuxio de almas, seguramente moitas atormentadas, e testemuña de vidas que atoparon nel o seu descanso eterno. Aínda hoxe, entre eses muros que se adiviñan fortes, rexios, aparecen lápidas que contan historias, como a de D. Avelino Quevedo e Medialdea, orgulloso licenciado en medicina e cirurxía que faleceu con pouco máis de 20 anos nun frío febreiro de 1876. A súa desconsolada nai, cuxa lápida menciona, preguntaría-se por qué el e por qué tan novo, sen saber que sería parte dun legado que perduraría a través do tempo.

Ao camiñar entre as ruínas de San Paio,



un non pode evitar preguntarse se unha restauración devolvería ao lugar o seu esplendor ou se a combinación do humano e o natural aínda o fai máis valioso. Como nas ruínas da antiga Grecia, onde o tempo e a vexetación entrelázanse cos restos de pedra, aquí a decadencia revela unha beleza serena, case mística. Os muros centenarios son testemuñas mudas dun pasado glorioso e un presente incerto que convida á contemplación. Un patrimonio que, máis aló do histórico, foi reclamado pola natureza para crear algo máis profundo, máis auténtico, que só algúns ollos amables poden

apreciar.

A arquitectura deste mosteiro ofrece unha visión do seu antigo esplendor. Unha portada románica dos séculos XIII-XIV, co seu arco ojival decorado fala dun tempo no que a man do home elevaba estruturas coa forza dun propósito transcendental. A igrexa, na súa nave única, presenta arcos de medio punto con capiteis decorados, coma se desexasen perpetuar a súa relevancia entre as xeracións que pasaron e as que aínda están por vir.

Estes espazos, cubertos agora polo tempo, deixan albiscar a gloria dun tempo pasado, que algúns insisten en darlle o valor de mellor. Aínda se poden ver os restos dun retablo que resiste ás inclemencias do tempo ou as figuras intactas de grupos de quimeras nos capiteis, seres míticos, unha sorte de bestas fantásticas que se dicía, protexían os espazos sacros dos demos. Esas figuras, de bocas abertas e ollos afundidos parecen mirar con intensidade ao curioso que se atreve a cruzar as súas portas, lanzando advertencias de que o mal está aí fora e quizais, en ocasións, tamén intramuros.

Deberíamos restaurar estes lugares, devolverlles o seu antigo brillo ou deixalos como están, como un testamento do paso do tempo? Ou transformalos en lugares prósperos onde o negocio (pero tamén a vida) volva habitar os seus muros?

Quizá San Paio de Abeleda deba ser un exemplo desta fusión sublime entre a arte

humana e a forza natural, onde só o que camiña entre as súas ruínas e toca as súas frías e centenarias pedras pode entender o seu verdadeiro valor: un legado compartido entre o humano e o eterno, o tanxible e o espiritual. De momento está aí, alzándose entre viñas, sendo testemuña da vida dos habitantes da zona agardando, quizais, rexurdir entre as súas cinzas.



**CAFÉ-BAR-TAPERÍA**

Celebraciones, eventos,  
tapeos y mucho más!

L-V 8:00-00:00 /  
Sábados 9:00-1:00

Salvador Dalí, 5  
O Couto. Ourense

**Boas Festas**

**D'AURIA**

Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos  
Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE

**Bo Nadal**

**BAR ORELLAS**

Orella, rabo,  
lacón, cachucha  
e polbo cocido  
e prensado.  
Lomo, chourizo,  
salchichón  
e marcón ibérico.  
Queixo manchego  
e Arzúa.

Santo Domingo, 2  
988 37 25 59 OURENSE

**FELIZ 2025**

**SANTABAIA**  
RESTAURANTE

Fins de semana  
e festivos  
menú especial

Churrasco para levar

Menús diarios

Carta

Santabaia, 6. Tfno. 988 38 02 54. O Pereiro de Aguiar

## OURENSE

# A Estación de Montaña Manzaneda ten a punto 23 pistas e 17 quilómetros esquiabiles

O inverno está a chegar e a Estación de Montaña Manzaneda espéra coa tranquilidade de quen fixo celosamente todos os seus deberes e, ao mesmo tempo, coa esperanza de que faga cunhas condicións climatolóxicas favorables, ben en forma de neve ou, polo menos, de frío, para poder fabricala artificialmente cos seus 29 canóns.

A Estación de Montaña Manzaneda está hoxe cen por cento operativa para o inverno, tal vez como ningún outro ano. Teno todo a punto e con máis antelación que nunca, polo que agora xa só resta esperar polo único que non depende dela: que a climatoloxía axude traendo neve ou polo menos frío para poder fabricala.

É unha evidencia que a altitude da Estación é un hándicap cada vez maior para ter neve natural, debido aos tamén cada vez máis evidentes efectos do cambio climático. Ante a falta de neve, a única alternativa está nos canóns, a condición de que se dean as condicións propicias para o seu funcionamento.

A aposta e o impulso da Deputación de Ourense e a Xunta



de Galicia á Estación, coa colaboración dos concellos de Trives e Manzaneda mellorou de forma notable o funcionamento e a eficacia dos canóns, como se comprobou durante as últimas tempadas e espérase ratificar na que se avexia.

De feito, tras unha exitosa tempada de verán, e a pesar de que non deixou de acoller eventos deportivos, xa desde finais de setembro a Estación envorcou os seus esforzos en preparar a con-

ciencia a tempada que vén, revisando todas as infraestruturas asociadas, moi especialmente os canóns e os diferentes remotes, ademais das canalizacións, a sinalización ou as pistas.

#### Revisións

Técnicos das empresas que instalaron tanto os canóns como os telecadeiras desprazáronse a Manzaneda para a revisión dos seus principais e máis complexas infraestruturas.

Os 29 canóns quedaron defini-

tivamente listos xa en outubro e agora só agardan as condicións meteorolóxicas de temperatura e humidade para poñerse a funcionar. Para iso, o termómetro ha de baixar dos -2,5 graos centígrados.

O mesmo pódese dicir das balsas das que os canóns toman a auga, que tamén están revisadas, cheas e operativas para entrar en funcionamento en canto sexa necesario. A interbalsa (situada na parte superior da Estación) está

ao 98% da súa capacidade e ao 90% a outra.

O desembragable xa quedou definitivamente reparado en xuño, por parte da mesma empresa que o instalou no seu día. Substituíuse o variador (a peza que fallara no seu momento) e os axustes, revisado todo o sistema de freado, renovado colchóns e colocado nova sinalización. E igual co telecadeira de pinza fixa, que una vez posto a punto estreará asentos e respaldos nas súas 103 cadeiras. Ambos remotes e os telesquíes xa superaron tamén as probas de carga.

A estes traballos súmanse outros menores, pero igual de importantes, como a instalación de centos de metros de tubaxes para a drenaxe das pistas, colocadas en lugares estratégicos para evacuar a auga do desxeo e garantir unha maior durabilidade da neve.

As 23 pistas e os case 17 quilómetros esquiabiles da Estación de Montaña, así como os miles de afeccionados á neve que a frecuentan, esperan agora polo único que xa non depende de ninguén máis que do clima: neve ou frío.

**CENTRAL MUS BAR**

Desayunos. Pinchos. Tapas. Comidas y cenas por encargo.

Tfno. 677 43 88 14 Juan XXIII, 29 bajo. OURENSE

PINCHOS Brochetas TOSTAS Raciones Ensaladas PLATOS VEGETARIANOS Y VEGANOS

**María Tapas Bar**

*feliz Navidad*

Rúa Unión 1  
651 853 881

**DON ÁLVARO** Desde 1967

Boas Festas aos nosos clientes de Don Álvaro

Ribeiro blanco, Treixadura e Mencía

Avda. de Santiago, 120. OURENSE

**a barbería**

TAPERÍA

Especialidade en comidas caseiras  
988 25 28 78. Rúa do Páxar, 8 - Ourense

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

## Agónicos consternadores

Nunca pensei de chegar a onde chegamos, a este estado e situación das cousas que nos acontecen. Estamos gobernados, no mundo enteiro, sobre todo nas grandes potencias que deberan ser exemplo, por xentes nas que habita a malignidade, xente cun malestar gástrico-emocional que resoven a paus e por unha orde social opresora que conspira constantemente abandeirada na forza e violencia, a crueldade. Semellan tolos nesa sintomatoloxía de trastornos que derivan en ausencia de coñecementos e que escapan polas orellas e outros orificios para facerse co poder. Fanse con el a base de extorsións e compras, subornos que nin sequera agachan, non teñen pudor nin vergoña, como triunfo daquelas cavernas máis escuras do ser humano onde todo ten un prezo, todo se contabiliza sibilinamente. E senón, fano a base das escaramuzas en forma de ameaza, de escándalos, de roubos e mentiras, de trampas, usurpacións, prexuízos e menoscabo, condicionantes que nos arrincan imposible sentido común, que quizais non exista, deshumanizándonos.

Non sei se todos notan, xa nos seus ollos, esa mirada perversa e chea de ímpetus invasores, asaltos e arrebatos violentos que expresan en palabras e son co-



reados por miles e millóns de persoas que, aínda sendo afectados, comulgan coas rodas dos muíños e, faltos de orientación, sorrín a cámara.

Detrás dos ollos tamén se percibe ese carácter amurallado, deforme e irregular carácter impulsivo, desafiante. Si, ese que coacciona e intimida, que advirte antes de facer calquera ademán misericorde. Regresamos moito atrás. Habitan o mal, esa tolemia de odio e morte, de xenreiras e forza invasora que lle dan tanto sentido á malignidade, a esa limitación perversa que manipula e articula danos, danos di-

rectos e colaterais. Pero isto xa pasou máis veces, son os mesmos. Falan de averción, antipatía, rabia, rancor, repulsión, zuna, resentimentos, vinganzas, anoxos, despezos, violacións, represalias, castigos, atropelos, profanacións, transgresións, etc. Rin da xustiza e están envoltos en múltiples delitos dos que se senten impunes, ameazando xuíces e corpos de seguridade. Carecen dalgunha virtude e se a teñen non se lles sabe por ningures. Forzan a convivencia ata extremos impensados e pregoan a guerra, a forza e as armas, vulnerando calquera acordo e comezan polos máis vulnerables., aos que son quen, ata aí chegan, de convencer para que os voten. Recréanse nas fames alleas e nas desgrazas dos demais. Rouban con descaro aquilo que pasará a ser do seu interese e beneficio, cando un día era público.

Ata aquí chegamos da man destes seres, amos do mundo, que a partir de agora farán das súas, rompendo a paz, os equilibrios tan difíciles nos que se debe axustar en proporción ás posibilidades. Son psicópatas capaces de queimar o mundo, empregan os medios para arruinar e sacar tallada. Son narcisistas, míranse no espello e namoran. Ególatras e presuntuosos que non socorren a ninguén, e despois remátano. O mal en forma de calamidade e de castigo, de catástrofe e sinistro, de epidemias e pragas, de bágoas en sufrimento. Non pararán sequera as súas calumnias, nin os

desexos de seguir a facer canteira tóxica. Serán os grandes monstros da historia, miserables na preguiza ética e moral, intelectual, mentireiros e consumidores dos vicios en forma de uso e abuso, linchadores dos pequenos grupos que pretenden sobrevivir ao caos. Están metidos en todos os lados, tamén no medio dos contrarios. Fan o dano con furia, sen razoar nin atender razóns. Queren executar dándolle a un botón e creando guerras atroces. Son agresores expertos en todo tipo de violencias, tamén as de xénero. Son racistas e de estrago social. Son xente que no fondo poden ter algún trauma, algunha frustración que os leva ao máis horrible, a ese instinto acosador que nos envilece a todos, que nos fai descender a cotas nunca previstas. Teñen moitos votantes e corifeos, xentes que se desorientaron e que se pregan ao poder que máis lles convén. Anque, unha vez no poder, irán na súa contra ata aniquilalos. Chegamos así cegados, na falta de conciencia e de consciencia, a este lugar onde nos trouxo a violencia respirada no ambiente tanto tempo, vulgarizada en imaxes que alentan o exercicio do mal, a práctica desta mentira continuada, a profanación de dereitos, a servidume e indiferenza que son cancos sociais da humanidade.



Por Nemésio Barxa

## Angrois

Apresentáronse varios recursos contra a sentenza ditada polo Julgado Penal de Compostela derivada do accidente de comboio ocorrido há mais de dez anos na entrada a Compostela. Recursos que maioritariamente non impugnan a sentenza senón referidos mais bem ás quantías indemnizatorias concedidas ás vítimas e seus familiares. Compreensíbeis ante a dificultade de valorar o dano causado, que nunca será adequadamente retribuído. Mas o que realmente me sorprendeu e indignou foi o recurso presentado polo Ministerio Fiscal contra a condena a Cortabitarte, alto cargo de Adif e responsable da seguridade viaria, inexistente, no trajeto ferroviario a Compostela, onde ocorreu o sinistro) recurso

que implica tratar de excluir de responsabilidade ao responsable inicial do descarrilamento (se existissem as medidas de seguridade oportunas o sinistro sería imposible, aínda sem a desatenção do condutor), á empresa Adif e conseqüentemente anular as responsabilidades económicas para a empresa, o que significa reducir notoriamente as posibilidades de que os afectados podan perceber umas indemnizaciones já de por si escasas e tardias. Mais me indigna pensando que a sentenza, perfectamente razoada no que aos motivos de condena de ambos (condutor e responsable de Adif) respeita, foi ditada por una juíza capaz de resistir todos os atrancos empresariais e políticos para impedir essa condena.

Indignou-me pensar que o Ministerio Fiscal é um órgão de relevância constitucional que ainda tendo personalidade jurídica própria fica integrado com autonomia no Poder Judicial e tem por missão promover a ação da Justiça em defesa da legalidade; sem embargo recorre contra uma sentenza que teve que custar muito estudo e além disso rejeitar fortes pressões por parte da juíza e que sua revogação poderia deixar muito limitadas as posibilidades indemnizatorias.

Este proceder do Ministerio Fiscal fíxome lembrar quantas actuacións em desamparo do cidadão das que temos coñecimento assumindo informes da Policía ou chegando a acordos com os culpábeis, como o mais próximo o escándalo do prostitución em Lugo, no que proxenetas e policías saírem de rositas; ou o de Estepona do que dois policías violadores de uma moza de 18

anos evitarem o cárcere por um acordo com a Fiscalía; ou o muito recente dos 8 empresarios de Murcia que constituíam um grupo abusador de menores, que incluso exigiam "chicas nuevas", que livraram da cadeia por outro acordo com Fiscalía (acrescentada outra rebaixa por retraso de dez anos na tramitación, da que só o Julgado é responsable e que prejudica á vítima); neste caso os "polvos" saíram tão baratos que as indemnizaciones estiverem entre os 500 e os 2.000 €.

A anedota de um fiscal chivándose ao juiz porque seu chefe e a adjunta estavam no pátio consultando um telefono, fázenos pensar que são como nenos. Pero não.

*Quinta do limoeiro, dezembro de 2.024.*



**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49  
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.  
**Publicidade:** Departamento propio e axencias  
publicidade@novasdoeixoatlantico.com  
**Fotografía:** Departamento propio  
**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:**  
**GALIZA:** Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.  
**PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.  
**Humor:** Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

## OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

## Agravios á cidadanía galega

N unha moi recente comparecencia perante o Congreso o ministro responsábel da mobilidade, Óscar Puente, recoñeceu o gravísimo agravio comparativo de que os galegos teñamos a nosa rúa maior, a AP-9, de máis de 200 kms. de lonxitude, suxeita a peaxe, mentres noutros territorios (na súa Castela ou na Andalucía) empresas e persoas consumidoras transpórtanse por autovias libres de portaxe. Puente denunciou, con razón, que a situación actual xurdiu das malfadadas medidas dun goberno do PP (o segundo goberno do aznarato) que, entre 2000 e 2003, primeiro alongou 25 anos a vixencia da concesión (de agosto 2023 a agosto 2048) e logo privatizou a autoestrada, xusto despois de recibir semellante revalorización polo agasallo do propio Goberno do Estado.

Onde o ministro amosou a febleza dos seus argumentos foi na xustificación da improcedencia da transferencia. A AP-9,



miñas donas e meus señores, segundo o Goberno do Estado e Vox, ha seguir a ser estatal. Segundo o ministro Puente (xa desbotada a desaquelada tese de que conecta Portugal co Estado, cando remata a case 5 km da fronteira miñota) a razón é

que conecta os cinco portos galegos (Ferrol-San Cibrao, A Coruña, Vilagarcía, Marín e Vigo) e os tres aeroportos galegos (Alvedro, o compostelán Rosalía de Castro e Peinador) de interese xeral. O centralismo españolista sempre é tautolóxico, ao tempo que caloteiro.. Velaí a necesidade de afirmarmos na transferencia ou delegación, tanto da AP-9, como dos portos e aeroportos de interese xeral. Doutro xeito non seremos quen a planificarmos un desenvolvemento moderno, potente e sostíbel deste país.

Coordinada coa tese do ministro Puente e do presidente Sánchez Pérez-Castejón, a maioría PSOE-Sumar da mesa do congreso está a adiar, indefinida e tramulleiramente, o debate da proposición de lei de transferencia da AP-9 ao Poder Galego, proposta pola unanimidade do noso Parlamento. Mais disque Sumar recoñece a plurinacionalidade do Estado. Hai cousas que non llellas dou entendido.

Mentres, o mesmo Ministro e Goberno teiman en latricar que primeiro (2030) ha ir o camiño de ferro da alta velocidade Lisboa-Madrid e despois o Lisboa-Vigo (2032, supostamente), malia coñecer a definitiva decisión do Goberno portugués, tanto o actual de centro-dereita como o anterior socialista, de priorizar o eixo atlántico ferroviario galego-portugués, que haberá vertebrar un espazo de dez millóns de persoas dende Sétubal até Ferrolterra que constitúe, logo do eixo mediterráneo, a meirande concentración de actividade económica e poboación da península ibérica, ben albiscábel dende o satélite.

Por certo, se alguén pensa que co PP van mellorar estas cousas que se esqueza. Estamos aquí xusto pola súas malfadadas decisións, que atenden aos intereses dos lobbies españois do estadio Bernabeu tanto ou máis ca o PSOE.

Por nós só podemos mirar nós.



Por Bolborética

## Ideas de agasallos sustentables e sinxelos para un Nadal máis responsable

Cada vez son máis as persoas que queren poñer freo ao consumismo esaxerado do Nadal e optan por facer agasallos máis intelixentes. Despois de todo, non tería sentido pasar o ano laíándose pola crise climática, a contaminación e a perda de biodiversidade ás que fai fronte o noso planeta e tirar todos estes valores pola borda chegado o mes de decembro.

Dende hai xa moito tempo, nestes días nos que as rúas se enchen de luces de todas as cores, a xente adoita expresar agarimo aos seus seres queridos por medio de presentes. Eu non teño nada en contra desta práctica e mesmo penso que é un costume fermoso. Iso si, hai que saber que certos regalos son máis responsables ca outros e, ás veces, tamén a maneira de conseguilos.

Por exemplo, cando queiramos adquirir un libro en especial, estaremos a favorecer a economía local se baixamos facer o pedido na librería de barrio en lugar de facelo por internet. Deste xeito tamén estaremos a reducir a pegada de carbono, pois non é o mesmo que un comerciante faga un único pedido á semana para toda a veciñanza, que ter a unha furgoneta repartindo un só libro a cada parroquia cada día. O mesmo cos xoguetes, xogos de mesa ou material deportivo, por exemplo.

Para reducir a nosa produción de residuos hai que comezar por dar unha segunda vida a obxectos en bo estado. Aproveito para lembrarlles ás lectoras que cada vez existen máis espazos onde adquirir bens de segunda man, por exemplo, na librería solidaria Chambo Libris de Pontearreas

(Pontevedra) ou nos mercados de Nadal.

E xa que falamos de mercados, hai que ter en conta que a nosa rexión conta cunha oferta moi variada de produtos de artesanía de alta calidade, e nestas datas son moitas as feiras onde poder ir botar un ollo. Algunhas persoas, sen embargo, teñen o talento necesario para poñerse a facer elas mesmas todo tipo de agasallos: pintan cadros, tecen xerseis, confectonan bolsas personalizadas, fan postres deliciosos e moito máis. Para quen teña tempo e maña non hai mellor xeito de combater o consumismo que facer o regalo coas propias mans. Agora ben, cando ofrecemos presentes máis "efémeros" (todo o que se pode beber ou papar non ha de durar moito na despensa) recomendo acompañalo dunha pequena nota ou botar unha foto coa persoa destinataria e así gardar a lembranza dese xesto por moitos anos. Isto último tamén podería aplicarse cando facemos presentes non materiais: un obradoiro, unha visita a unha exposición, unha cea nun bo restaurante da zona ou unha

entrada para un espectáculo. Estaremos a regalar un momento especial, sobre todo se decidimos unirmos nós tamén a esa experiencia. E que hai máis valioso que regalar a alguén o noso tempo e a nosa atención? Xa volo digo eu: Nada!

Por último, para envolver agasallos non é preciso mercar papel de regalo novo, iso estaría a xerar moitísimo lixo. No canto do papel de regalo podemos optar por envolver as cousas con teas que xa non serven, utilizando a técnica xaponesa do Furoshiki. Eu utilizo panos para o pescozo e o cabelo e despois lles pido ás miñas amigas que mos devolvan. Tamén se pode optar por caixas de zapatos decoradas e utilízalas moitas veces, ou bolsas reutilizadas, papeis reutilizados dos agasallos recibidos e moito máis. Hai que botarlle imaxinación! Esta tempada máxica pode ser bo momento para deixar voar a nosa creatividade e plasmar unha parte de nós e dos nosos principios nas cousas que ofrecemos a quen nos rodea. Boas festas!

**ALFESO**  
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES  
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontearreas T. 986 66 00 00

forjados  
hinos. durain s.l.

www.forjadosduran.com



## PSdeG-PSOE: "O PP reforma pola porta de atrás os Orzamentos 2025"

A viceportavoz do Grupo Parlamentario Socialista, Elena Espinosa, criticou contra a presentación realizada polo Partido Popular das súas emendas ao Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas para 2025. Espinosa denunciou que o mecanismo empregado polo PP, utilizando a lei de acompañamento dos Orzamentos para legislar pola porta de atrás, é unha "estratexia deliberada para bloquear á oposición e impedir calquera intento de emendar estas medidas por parte dos grupos



parlamentarios", o cal confirma na súa opinión a "deriva autoritaria" do PP.

Espinosa tachou de "manobra perversa" o uso da lei de acom-

pañamento para introducir emendas sen dar opción a que estas poidan ser enmendadas pola oposición. A viceportavoz destacou que este comportamento non é un feito illado, senón parte dun patrón consolidado na forma de gobernar do Partido Popular: "Vimos o mesmo coa Comisión de Investigación dos contratos a dedo aos seus familiares e amigos e cos escándalos de sobrecostos no Hospital Álvaro Cunqueiro e con tantas outras cuestións nas que o PP fuxe sistematicamente da rendición de contas."

## Pacto pola Lingua

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, reuniuse en Vigo co director da Editorial Galaxia, Xosé Manuel Soutullo, no marco das xuntanzas que está a manter para "seguir dando pasos que nos permitan avanzar de xeito firme cara á consecución dun Pacto pola Lingua". Durante a reunión, o conselleiro de Cultura, e o director xeral de Galaxia tamén abordaron a proposta do Goberno galego de declarar no 2025 o Ano Castelao, xa que o vindeiro ano é o 75 aniversario do pasamento do intelectual que coincide cos 75



anos de nacemento da editorial. Tras esta xuntanza, o conselleiro

reuniuse na Coruña coa Real Academia Galega.

## Altri e a cooperación transfronteiriza na Eurocámara

Tras destacar o traballo desenvolvido polo eurodeputado Sandro Gozi, impulsor do Mecanismo Transfronteirizo Europeo BRIDGEU, a eurodeputada do BNG, Ana Miranda, defendeu a cooperación transfronteiriza entre Galiza e o norte de

Portugal porque é "un dos piares" da política de cohesión europea "vital para os case 7 millóns de cidadáns que viven, estudan e traballan ao longo da fronteira".

Por outra banda, Ana Miranda remitiu á Vicepresidenta executiva da Comisión Europea, Teresa Ri-

bera, unha carta na que solicita unha reunión cos colectivos que se opoñen á instalación da macrocelulosa Altri en Palas de Rei, un proxecto da empresa Greenfiber que impulsa o PP e que opta aos fondos Next Generation.

## Bernardino Crego, Personalidade Lusófono 2024

O Vice-Secretario Xeral e Presidente do Centro Portugués de Vigo recibiu este 28 de Novembro no Palacio da Independencia de Lisboa o premio de Personalidade Lusófono do ano 2024, sucedendo a Carlos Mariano Manuel, ex presidente da Liga Africana.



## Piden finalizar co modelo MUFACE no SERGAS

A Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública (AGDSP) fixo un chamamento ás organizacións sociais, sindicais, profesionais e partidos políticos progresistas para apoiar o fin de MUFACE e que os fondos que reciben as aseguradoras pasen SERGAS.

Comunicaron que os obxectivos das aseguradoras son un incremento do 40% dos fondos estatais co argumento de evitar a súa quebra; e manter o modelo de Mutualidades (MUFACE) que considera "centralista e obsoleto,



herdeiro do franquismo" e cuxo peche "só incrementaría nun 2% a presión asistencial". Criticaron igualmente a condición privilexiada da atención privada no SERGAS.

## Promoción da Artesanía Alimentaria

A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, acompañada polo director territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, Antonio Crespo, visitou o primeiro dos catro mercados de Artesanía Alimentaria (a!) no Nadal que se está a celebrar esta fin de semana en Vigo, no Peirao do Areal.

A través desta iniciativa en-

marcada dentro do Plan Saborea Calidade Diferenciada de Galicia, cada provincia contará cun mercado de Nadal propio, co fin de impulsar este selo por toda Galicia. Artesanía Alimentaria estará presente en Ribadavia do 6 ao 8 de decembro; en Lugo, entre o 13 e o 15 de decembro; e en Santiago de Compostela do 20 ao 22 de decembro, todos eles en horario de mañá e tarde.

Servizos técnicos forestais e obra do rural



Azorín, 9 Estudio - 36860 PONTEAREAS  
Tlef. 986 078 071



INMOBILIARIA  
**MERCA VENDA**

Casas  
Locales  
Fincas  
Pisos

Ventas  
Alquileres  
Tasaciones  
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020  
Avenida Rosalía de Castro n°4, bajo, 36860 Ponteareas  
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

## CONDADO/PARADANTA

## Melloras nos accesos a Mourentán

O Concello de Arbo completou os traballos de mellora na pavimentación nas estradas de acceso ao núcleo de Casanova e Portela na parroquia de Mourentan. A inversión das obras de Casanova que ascendeu a 83.208,30€.- foron financiadas cunha achega da Deputación de Pontevedra con cargo o no Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2024) Na Portela ten un importe de



48.396,94€.-, subvencionado o 70% do importe pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o 30% restante con cargo ao Concello de Arbo.

## Mercadillo solidario "Arbonadal"

Por quinta edición consecutiva o Concello abriu a inscrición para Arbonadal 2024, mercadillo solidario a realizarse os días 7 e 8 de decem-

bro. Con esta actividade pretense promocionar e potenciar os recursos culturais e patrimoniais da nosa vila, dirixida a artesáns, anticuarios, asociacións, ONGs e

establecementos comerciais. A colocación de posto é gratuito e o prazo de Presentación das solicitudes remata o día 5 de decembro.

## Nadal en Salvaterra

O venres 20 de decembro ás 19:30 horas terá lugar a inauguración da decoración da Praza do Concello creada por alumnos e alumnas dos centros educativos e do módulo de carpintaría do IES Salvaterra de Miño.

A programación de Nadal inclúe a visita de Papá Noel, o Apalpador ou os Reis Magos pero tamén ac-



tividades moi aclamadas como a tradicional San Silvestre que este

ano parte dende Monção e a segunda edición do Mercado de Nadal. Tamén están as actuacións de Nadal das asociacións culturais e deportivas e actividades infantís como o obradoiro de adornos da Biblioteca, o contacontos "O Censor de Monstros" ou as obras "Ollo Piollo" e "Running"; ademais de cine, concertos, festivais, teatro e outras actividades.

## III Concurso de Decoración de Nadal

Por terceiro ano consecutivo, o Concello de Arbo, a través da iniciativa de participación cidadá, presenta o III Concurso de Decoración Navideña "Arbo no Nadal", dirixido ás Asociacións, colectivos e particulares do municipio. Nesta

edición establécense tres categorías: Casas e Vivendas Familiares; Comercios e Empresas; e Comunidades de VECIÑOS, Asociacións, Barrios, Rúa, Parroquia ou Praza. As incricións comezaron o 23 de novembro ata o 19 de decembro de 2024.

## A cativada tamén participan na Festa da Lamprea

O Concello de Arbo convoca o concurso de carteis e redacción para alumnos matriculados no C.E.I.P Antonio Carpintero, con motivo da celebración da "LXV Festa da Lamprea" prevista do 25 ao 27 de abril de 2025. O concurso para o alumnado do CEIP, ten como obxectivo achegar a cati-

vada arbense a importancia da lamprea, os viños, o patrimonio, a paisaxe e a relevancia que ten para Arbo a Festa da Lamprea.

O prazo para a entrega das propostas de carteis finalizará o día 8 de xaneiro de 2025 no Colexio C.E.I.P Antonio Carpinteiro e o 10 de xaneiro de 2025 no Concello de Arbo.

## Máis de 300 alegacións contra o parque eólico Coto dos Lobos

O presidente da Comunidade de Montes de Taboexa, Óscar González, informou que o Centro de Interpretación do Patrimonio e Cultural (CIPC) puxo a súa sede a disposición dos veciños para

presentar alegacións ante a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra contra o parque eólico Coto dos Lobos. Foron rexistradas máis de 300 alegacións ata o peche do prazo o pasado 20 de novembro.

Disponemos dun salón para ceas ou comidas de grupos

**A CANTINERA**  
Desde 1988

Rúa Marqués de Viana, 5  
36450 SALVATERRA DE MIÑO

RESERVAS  
886 661 333

f i

687.34.85.87

que.pelusilla

Qué Pelusilla!

C/Reza Dona Urzaca, 20  
Salvaterra de Miño

LA OJIVA  
ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño  
Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

f i

O Concello de Arbo  
deséxalles aos seus veciños

**Bo Nadal  
e Feliz Aninovo**

**ARBO**  
A VILA DA LAMPREA  
CORAZÓN DOS VIÑOS CONDADO E ALBARIÑO

**SALVATERRA DE MIÑO**

## Exhumación no cemiterio de Cabreira

Comezaron os traballos de exhumación no cemiterio de Cabreira coa presenza das Alcaldesas e concelleiras de Moaña e Salvaterra. A investigación histórica previa, elaborada dende o grupo HISTAGRA, coa colaboración da Comisión pola recuperación da Memoria Histórica do Baixo Miño, Condado e Louriña e outros investigadores locais, apunta o enterramento de cinco persoas, nun principio, descoñecidas, na fosa de Cabreira, tras ser paseados o 18 de outubro de



1936. A hipótese de identificación coa que se traballa sinala que alí poden estar enterrados os restos de cinco veciños de Moaña.

## Recuperación da Capela de San Roque de Cabreira

A Xunta de Goberno do Concello de Salvaterra aprobou a solicitude de presentación do proxecto de recuperación do espazo da Capela de San Roque en Cabreira. Unha actuación cunha lonxitude de 135m e cun ancho variable entre os 4,50 e os 27 metros que dada as características da rúa, que serve de acceso á ermida e ó palco da música, propónse para a súa humanización, coa ampliación das zonas peonís seguindo os criterios da REDE ÁGORA.



Igualmente, o Concello ven de

aprobar a solicitude que presentará á convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra da Deputación de Pontevedra para

colaborar naqueles proxectos estratéxicos para posibilitar a transformación, o desenvolvemento e a modernización reais do territorio.

## O PSOE emenda os Orzamentos para Salvaterra

A Agrupación municipal socialista de Salvaterra de Miño presentou ante a Xunta de Galicia 6 emendas de vital necesidade para Salvaterra como o proxecto para unha futura ampliación do IES Salvaterra de Miño e a vivenda pública, entre outras.

Tamén destacan a estación depuradora de augas residuais

das parroquias de Lira, Uma e Vilacoba, por valor de 900.000€ a construción dunha senda peonil na estrada PO-404 que une as Parroquias de Cabreira, Arantei e Porto. Esta estrada carece de arcén o que a converte en moi perigosa para os peóns. Tamén inclúe a realización da rede de saneamento de Oleiros orzamentada en arredor de 600.000€

## Instalación de 247 contadores intelixentes

O Concello de Salvaterra ven de rematar coa instalación de 247 novos contadores intelixentes, por un importe de preto de 53.000€ grazas a unha subvención de Augas de Galicia coa finalidade de modernizar o sistema de abastecemento de auga e así reducir perdas na rede municipal.



O Concello, que iniciou en 2022 un Plan de Modernización do sistema de contadores en áreas rurais, conta xa con preto de 400 contadores intelixentes, instalados nas parroquias de Corzáns, Fiolledo, Leirado, Lou-

rido, Meder, Pesqueiras, Soutolobre e unha parte de Fornelos.

Estas obras están integradas nas directrices da Auditoría Municipal de Abastecemento, no seu correspondente plan de actuación e no Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible, tamén aprobados polo consistorio municipal.

**Talleres Guiller Motor**

Puzo-Lira, 24  
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)  
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehiculos usados

TALLERES

**CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR**

**O REMENDÓN**

637 764 865  
www.cerrajeroremendon.es

24h.

**ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO S.L.**

Calefacción eléctrica  
Instalaciones y montajes eléctricos  
Servicio de averías y mantenimiento 24 horas

Tel: 986 658 207 - 651 860 155 - 651 860 185  
Pol. industrial Chan da Ponte  
36450 - SALVATERRA DE MIÑO

**AS TAPAS GALEGAS DE TODA A VIDA**

**PETISQU'EIRA**  
Rosalia de Castro,62 -Telf: 639 244 940  
SALVATERRA DE MIÑO

**TRAGA D'EIRA**  
Santa Ana, 3 - Telf: 694 416 706  
BOUZAS - VIGO

## BAIXO MIÑO

TUI

## 800 aniversario da Catedral en 2025

O alcalde, Enrique Cabaleiro, mantivo na sede da diocese de Tui-Vigo, unha reunión de traballo co bispo Antonio Valín Valdés. O principal obxectivo foi abordar os preparativos do programa conmemorativo do oitavo centenario da Consagración da Catedral de Tui que terá lugar en 2025. Precisamente por este motivo no Concello de Tui creouse unha comisión de traballo integrada por diferentes organismos e entidades, que traballa nas actividades a realizar con motivo desta data tan destacada.

Outros dos asuntos abordados foron a situación do Museo Diocesano e mesmo do Arquivo Catedralicio e Diocesano. O alcalde de Tui expuxo ao bispo a inquedanza que existe por poder visitar



a colección de Sambenitos, pezas únicas do patrimonio xudeu tudense. Outro dos asuntos tratados foi a importancia do Camiño Portugués en Tui coma punto de inicio desta vía xacobeá. O rexedor expuxo as demandas da Mesa do Camiño Portugués sobre a posi-

bilidade de que puidesen estar abertas as igrexas situadas no tramo do Camiño en Tui coma é caso de San Domingo, San Bartolomeu a capela da Virxe do Camiño, así como de que diariamente se poida celebrar na cidade unha misa do peregrino.

## PP Tui critica a xestión do lixo

O grupo municipal do PP de Tui vén de responsabilizar ao alcalde, Enrique Cabaleiro, do déficit do servizo de recollida de lixo e limpeza, cifrado en 453.000 euros anuais; "recordamos que leva oito anos gobernando" e lamenta as súas contradicións e a mala xestión por pedir bonificacións para

"tentar xustificar a suba dos recibos en máis dun 100%" cando renunciou a elas durante os últimos catro anos".

Os populares ofreceron tódalas cifras sinalando que o Concello remite anualmente a Sogama, para o seu tratamento, algo máis de 5.000 toneladas de residuos orgánicos, pero, dado que desbotouse

dos descontos desta sociedade pública está a perder entre 42.000 e 50.000€ por exercicio. Indicaron que o Concello adheríuse ás bonificacións en 2019 e aproveitounas nese ano e tamén en xaneiro de 2020, pero saíuse fóra tras non xustificalas "polo que o Concello perdeu uns 200.000€ nestes últimos catro anos".

## Eficiencia enerxética con iluminación LED

Un investimento de 61.417,18 €, financiados con fondos propios con cargo á partida correspondente dos Orzamentos de 2024, o Concello de Tui vai proceder ao cambio de 238 luminarias dos accesos á cidade pasando do actual sistema de lámpadas de vapor de sodio por luminarias con tecnoloxía LED co que se mellorará a eficiencia enerxética, se deixarán de emitir máis de 51 toneladas de CO2, e se aforrarán máis de 17



mil euros ao ano.

En canto aos cambios, un total

de 139 están situadas na N-550 no tramo comprendido dende a coñecida coma Ponte de Magnolia, en Rebordáns, até a rotonda que dá acceso á autovía A55 en Alvelos, Guillarei. Outras 83 luminarias e 4 proxectores serán cambiados na Po-304 dende a Sombraboá, ao final da rúa Colón, até Matelo, Randufe no cruzamento con Malvas. Outras 30 luminarias están situadas en pleno centro urbano nas rúas Compostela, Casal Aboyo e Maristas.

## Desenvolvemento Empresarial Transfronteiriço



Valença recebeu a conferencia do MERCATUS subordinado ao tema "Desenvolvemento Empresarial da Região do río Minho: Desafios e Oportunidades de Cooperaçao Transfronteiriça e Internacionalización das Empresas". O evento contou con a presenza de em-

presários, asociacións do sector empresarial, autarcas e organismos públicos do Norte de Portugal e da Galiza así como a CEVAL – Confederação Empresarial do Alto Minho, da Cámara de Comercio de Tui e a colaboración da Cámara Municipal de Valença e a AECT Rio Minho.

## Congreso Hispacon 2026

Baixo o título de "TuidCon-Hispacon", Tui será a sede de Congreso de Fantasía, Ciencia Ficción e Terror, Hispacon, no último cuadrimestre 2026. Así o designou hai un día a asemblea xeral de Pórtico, a Asociación Española de Fantasía, Ciencia Ficción e Terror, tras a proposta realizada

pola escritora tudense de xénero fantástico Conchi Regueiro, que obtivo o respaldo da maioría das persoas participantes na asemblea. O Concello de Tui colaborará coa organización deste evento. Será a cuarta cidade galega en organizalo tras Santiago, Ferrol e Vigo.

## Un novembro de récord turístico

A Oficina Municipal de Turismo de Tui rexistrou un notable aumento na afluencia de visitantes durante o pasado mes de novembro, atendendo a un total de 1.166 persoas, unha cifra que supón un incremento do 78% respecto ao mesmo mes do ano 2023, cando se contabilizaron 652 visitantes. Así os 803 turistas na-

cionais, que en novembro pasaron por Tui procedían principalmente da Coruña, Madrid, Pontevedra, León, Barcelona, Guadalaxara, e Xaén (48). Mentres os 146 turistas estranxeiros que realizaron consultas neste punto de información eran do Reino Unido, Portugal, Brasil, Francia, Venezuela, Arxentina e EEUU.

**LA GRAN MANZANA**  
CAFÉ & HELADERÍA  
Paseo de Calvo Sotelo, 31. Tui

**Cousiñas**  
TIENDA DE REGALOS Y SOUVENIRS  
R/ Ordóñez, 14 baixo - TUI

**GL3**  
Muebles, descanso y decoración  
Calle Orense, 4 - 36700 - TUY  
Tlf: 986 60 30 54 - 639 83 86 72

TUI

## O BNG Tui rompe co PSOE e pasa á oposición

O BNG de Tui anunciou a súa decisión de cesar calquera tipo de negociación co grupo municipal do PSOE, pasando a exercer unha oposición “crítica e construtiva”. O partido nacionalista xustifica esta postura polos “reiterados incumprimentos” dos acordos alcanzados co goberno local, afectando iniciativas clave para o municipio.

Segundo os nacionalistas, entre estes acordos incumplidos están a habilitación do edificio da rúa Camilo José Cela como sede da Policía Local, destinar espazos para asociacións no edificio Cam-Fran, estudar a viabilidade dun transporte interparroquial, avanzar



na integración da Alameda de Santo Domingo co bosque de Seoane, a aprobación dos orzamentos municipais tras incluírse partidas para a adquisición de terreos no CEIP número 1, melloras nos parques infantís de Montño, Malvas e Pexegueiro, e a recupera-

ción de espazos verdes, entre outras medidas. Outros proxectos, como os estudos de viabilidade para o transporte interparroquial, a unificación da Alameda co bosque de Seoane ou a intervención no parque empresarial de Areas, “seguen paralizados”.

## Alumnos tudenses participaron no XII Foro Infantil UNICEF

Sete membros do Consello Local de Participación Infantil e Adolescente de Tui participaron no XII Foro Infantil UNICEF, celebrado no Parlamento de Galicia. No acto, que forma parte do Pacto Galego pola Infancia, estiveron acompañados pola concelleira de Cultura, Ensino e Mocidade, Sonsoles Vicente.

Eva Alén Viñas, como voceira tudense, interveu xunto a representantes de O Rosal e Nigrán para expoñer cuestións sobre a relación entre os concellos e a infancia. Completaron o grupo tudense Adela Hernández Varela,



Elisa Martínez Villaverde, Antón Martínez Villaverde, Xiana Martínez Villaverde, Iria Vázquez González e Sara Miranda Barros. Participaron tamén representantes dos Con-

sellos Locais de Participación infantil e adolescente de Tomiño, O Rosal, Burela, Laracha, Moaña, Moeche, Nigrán, Pontearreas, Teo e Viveiro.

## Tui quere ser Cidade Amiga da Infancia

Alumnado do IES San Paio, Indalecio Pérez Tizón, dos CEIP's Nº1, Nº2, Caldelas, Guillarei, Pazos de Reis, e Randufe, e do colexio Maristas Santa María de Tui protagonizaron un pleno infantil e xuvenil no Concello, con motivo da conmemo-

ración, o 20 de novembro, do Día Mundial dos Dereitos da Infancia.

No pleno, no que participaron os representantes do PSOE, Convergencia21, BNG e PP, o alumnado reflexionou sobre as necesidades que observan na cidade para convertela en máis segura e accesible;

e suxeriron melloras en diversas instalacións de lecer. Tras atender estas demandas, o Alcalde Enrique Cabaleiro, quen abriu a sesión plenaria, informou que o Concello traballa para ingresar na rede de Cidades Amigas da Infancia auspiciada por UNICEF.

## Lembranza dos Mártires de Sobredo

A Sala Felix Rodríguez do edificio Francisco Sánchez en Tui organizou este 25 de novembro a conferencia e coloquio: “Sobredo. O legado do Agrarismo Miñoto para a República” a cargo da historiadora Natalia Jorge Pereira, autora da Tese Doutoral: Actitudes e comportamentos sociais nos concellos fronteirizos de Tomiño e Cerveira ante as ditaduras de Franco e Salazar. O acto serviu para conmemorar o 102 aniversario este 28 de novembro da matanza de labregos por parte da Garda Civil na localidade de Sobredo (Guillarei) ocorrida en 1922.



## Recepción aos tres voluntarios da DINA



No Salón de Plenos da Casa do Concello tivo lugar a recepción a Óscar Rovira, Ali Prieto e José Carlos Amandi, os tres voluntarios da Agrupación de Protección Civil de Tui que formaron parte do operativo de emerxencias desprazado ás localidades valen-

ciás de Alfarar e Paiporta debido aos estragos da DINA. O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, xunto a membros da corporación municipal, recibiu a como xesto de agradecemento e recoñecemento ao seu labor de apoio ao pobo de Valencia.

# 35 ANOS

1990  
2025

EDICIÓNS  
L'AIÓVÉNTÓ

## ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

## Ana María Núñez Álvarez

Primeira Tenente de Alcalde e concelleira de Emprego e Formación, Comercio, Igualdade, Turismo, Patrimonio e Conxunto Histórico no Concello de Tui

## “Tui ten potencial para converterse nun referente europeo sobre patrimonio xudeu”

En 2025, a Catedral de Tui celebrará o seu 800 aniversario. O Concello ten prevista unha completa programación que amplía a súa oferta cultural, turística e de patrimonio histórico

entre as que destacan a Red de Juderías e o Camiño Portugués a Santiago. Sobre estes e outros temas falamos coa concelleira Ana María Núñez Álvarez.

### Este 2025 conmemora o 800 aniversario da Catedral de Tui. Que actividades estanse programando dende o Concello?

Tomando en conta que a Catedral é un dos monumentos góticos máis importantes da península ibérica, o Concello está traballando nun programa extenso de actividades culturais, históricas e turísticas que se desenvolverán entre o 30 de novembro de 2025 e todo o 2026. Estanse explorando eventos de alto impacto como un espectáculo de luces, un festival ou un Congreso para poñer en valor o legado histórico e cultural do monumento. Existe tamén a posibilidade de acoller unha edición especial de Las Edades del Hombre en 2026.

Ademais, estase traballando para acadar a declaración de evento de excepcional interés no 2026, unha declaración que permite abrir a porta a colaboración público-privada e, polo tanto, que os operadores económicos e o tecido empresarial autonómico e tamén nacional, sexan coprotagonistas e coparticipes deste evento. A nivel de infraestruturas se está abordando a renovación da iluminación exterior da catedral, así como a mellora de diferentes prazas do conxunto histórico.

### En setembro pasado, Tui organizou as Xornadas Europeas da Cultura Xudea. Qué impacto está tendo a cada vez máis activa participación tudense dentro da Red de Juderías/Caminos de Sefarad?

A presenza de Tui neste Rede está fortalecendo a súa visibilidade como destino turístico e cultural. Durante o pasado "Setembro Xudeu", organizado no marco das Xornadas Europeas da Cultura Xudía, leváronse a cabo preto de vinte actividades ao longo de

todo o mes como visitas guiadas temáticas e teatralizadas que contaron cunha extraordinaria acollida; concertos, exposicións e eventos gastronómicos que destacaron a conexión histórica e cultural da cidade coa tradición sefardí. A menorá do claustro da Catedral, por exemplo, é un símbolo destacado da heranza xudía na cidade.

Ademais, Tui foi escenario dun capítulo da serie documental "Caminos de Sefarad, diario de una ciclista", que promove o patrimonio xudeu da cidade a nivel internacional, reforzando o seu impacto no turismo cultural. Estas iniciativas axudan a Tui a consolidar o seu lugar dentro da Rede, atraendo visitantes interesados no legado sefardí e dinamizando a economía local.

### Pode Tui converterse nun referente a nivel europeo en materia de conservación do patrimonio xudeu?

Tui posúe o potencial para converterse nun referente europeo na conservación do patrimonio xudeu debido á súa rica historia sefardí, á pertenza á Rede de Juderías de España e os esforzos por poñer en valor este legado. Esa é a nosa convicción e nesa liña traballamos. Feitos como o descubrimento de elementos únicos como os Sambenitos de Tui, que son unha das pezas históricas máis destacadas no ámbito da memoria sobre a Inquisición e que son os únicos exemplares coñecidos en España que aínda se conservan, contribúen a acadar ese obxectivo.

### Este ano o Concello levou a cabo un amplo programa de actividades en torno á figura de Francisco Sánchez, médico e filósofo tudense de orixe xudeu. Cal foi a súa receptividade de cara ao público?

O programa do Concello arredor da figura do médico e filósofo Francisco Sánchez no marco do IV centenario do seu pasamento, en Toulouse en 1623 tivo unha recepción positiva tanto a nivel cultural como educativo. Entre as actividades destacaron unha exposición sobre a súa vida e obra; a tradución da súa principal obra filosófica "Quod nihil scitur"; a presentación da tradución ao galego do seu poema "Carmen de Cometa" traducidas ambas obras polo profesor tudense Laureano Alonso e unhas xornadas de estudo co apoio de especialistas, organizadas en colaboración co Consello da Cultura Galega ou a colocación dun monolito conmemorativo. Estas iniciativas buscaron reivindicar a súa figura como precursor do pensamento filosófico europeo moderno e como unha personalidade relevante da historia tudense e sefardí. Ademais, a tradución de Carmen de Cometa contribuíu a facer máis accesible un texto significativo que combina crítica científica e poética. A resposta ás actividades suxire un interese crecente pola figura de Francisco Sánchez e polos valores culturais e históricos que representa para Tui, reforzando a conexión da cidade co patrimonio sefardí e o humanismo renacentista europeo.

### Tui vén de recuperar a exposición "Estampas da Memoria", represaliada polo franquismo. Tamén observamos un impulso na recuperación da memoria histórica local. Qué nos pode comentar sobre estas iniciativas?

A recuperación desta exposición, censurada polo franquismo en 1968, foi un éxito, o cal permitiu ampliar o prazo de exhibición ata o pasado mes de novembro debido á gran afluencia



de público e interese. O impulso na recuperación da memoria histórica en Tui é un compromiso innato de este goberno municipal que está acompañado da colaboración entre asociacións e a administración, consolidando o seu papel como modelo de preservación do pasado na comarca. Compre lembrar que foi en Tui no ano 1999 onde se colocou o primeiro monumento aos represaliados en Galicia, unha xenial escultura de Silverio Rivas. No pasado mes de xuño celebramos este aniversario cunha exposición conmemorativa e un acto público.

En marzo de 2023 o Concello editaba o libro "As mulleres represaliadas no cárcere de Tui" da man de Helena Pousa en memoria das mulleres encarceradas entre 1936 e 1939 no cárcere do partido xudicial de Tui. Agora con "A exposición secuestrada 1968. Estampa Popular Galega. Tui 1968" recuperamos a memoria desta mostra clausurada pola policía franquista e que estaba exposta no restaurante "Galicia" e reivindicamos o papel daquel movemento artístico "Estampa Popular Galega" ata agora esquecido. Tamén nesta liña o Concello ten presentada a solicitude de declaración de catro "lugares de memoria histórica" na nosa cidade: O antigo cárcere, o parque da Alameda, e os cuarteis de Marina e dos Carabineros, recoñecemento á memoria dos que defenderon

os valores democráticos fronte ao golpe militar de 1936.

### Cómo está beneficiando o Camiño Portugués na promoción turística do municipio?

O Camiño Portugués está a desempeñar un papel fundamental na promoción turística de Tui, consolidándose como o segundo lugar de inicio elixido polos peregrinos que saen cara Santiago e provocando a desestacionalización do turismo ao longo do ano. A presenza na cidade de máis de 100.000 peregrinos anualmente, de múltiples nacionalidades, supón un elemento de dinamización da vida social e económica do noso municipio. O impacto económico tamén é significativo, cunha crecente demanda en hostalería, restauración e servizos relacionados co turismo.

Son precisamente os valores da espiritualidade, natureza, historia, patrimonio e hospitalidade os que diferencian ao Camiño Portugués, dándolle unha dimensión que supera o simple produto turístico no que algúns queren converter ao Camiño. O mantemento dos valores que identifican ao Camiño é o noso principal reto xunto a mellorar a experiencia de acollida aos peregrinos. En definitiva, o Camiño Portugués non só impulsa a economía local, senón que reforza a identidade de Tui como un punto clave no contexto internacional do Camiño de Santiago.

## Premio europeo pola reforma da Praza da Burgueira

A arquitecta María Fandiño vén de ser galardoada pola International Federation of Landscape Architects-IFLA polo seu traballo na reforma da Praza do Campo, en Burgueira. Esta actuación acadou o primeiro premio da competición para Estudantes e Xoves Profesionais 'Plan(e)Tscape' da European Region da IFLA, na súa categoría de proxectos executados



En 2023, o Concello de Oia desenvolveu un proxecto de remodelación deste espazo público que buscaba a recuperación da

súa esencia orixinal situado a carón da igrexa parroquial. Un espazo que, segundo destaca a propia

IFLA na súa web, "agora está cheo de vida, cheo de alma" co foco na veciñanza.

## 30 actividades no Nadal de Baiona

O Concello presentou a programación de Nadal con 30 actividades no núcleo urbano e nas parroquias a partir do 5 de decembro ata xaneiro.

Destacan na programación o acendido de lumeado de Nadal, os concertos de "Los de Barro", de Antonio Barros e iAlma e Baiona Bay, a exposición de Beléns e Microbeléns, Mercados de Nadal a cargo da Asociación Giro's Danza e da ANPA Balcaxia Primeiro de Marzo, o Festival de Panxoliñas Benéfico, as visitas de Papá Noel e do Carteiro Real, as Badaladas



de Pre Fin de Ano, organizadas por Aceba coa actuación da Banda de Música de Baiona, os pasarrúas

de rondallas, charangas e rancho de Reis, a Festa Infantil de Nadal e a gran Cabalgata de Reis.

## Oia reparte 13 composteiros



O Concello entregou 13 composteiros a distintas unidades familiares dentro da campaña municipal de compostaxe, nun acto realizado

no Centro Cultural de Pedornes. Con anterioridade tamén se realizaron as primeiras accións de seguimento ás familias que xa están compostando.

## Rede de abastecemento de auga do Rosal



A Alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández Callís, e o concelleiro de Vías e Obras, Germán Fernández informaron do investimento de máis de 48.000€ na mellora da rede existente no Camiño do Urgal, na zona do Barrio Novo e nun tramo da rúa Xulio Sesto, cofi-

nanciados ao 88% a través dunha subvención de Augas de Galicia, pertencente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta, e ao 12% con fondos propios do Concello. As obras inclúen a instalación de 702 metros de nova tubaxe que substitúe a antiga rede deteriorada.

EDITORIAL GALAXIA

www.editorialgalaxia.gal

AS RECEITAS DO PROGRAMA DA G

## BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

### 450.000€ para a rede de saneamento

O Concello de Tomiño vai investir preto de 439.884,44€ na ampliación da rede de saneamento do lugar de Carregal, na parroquia de Amorín. Concretamente, as obras consistirán na creación dun novo tramo de colector de 2.268 metros de lonxitude, ao que poderían engancharse máis de 85 novas vivendas, dando servizo a máis de 250 persoas. O custe total do proxecto ascende a euros.

A estas obras súmanse ás levadas a cabo nos barrios de Arrotea, Torneiro, Vilachán e O Xibao,



con investimento de 187.004,31 euros, co obxecto de substituír un pequeno tramo da rede que estaba dando problemas de funcionamento a 9 vivendas e ampliar, ademais, unha zona que dá servizo a outras 25 casas. O orzamento foi de 187.004,31 euros.

### O PSOE de Tomiño acusa o "desleixo" en saneamento

O Grupo Municipal socialista de Tomiño criticou a "deixadez" do goberno do BNG en materia de saneamento toda vez "se escuda sempre na extensión e dispersión do noso territorio" así como a súa incapacidade para presentar proxectos de saneamento ante a UE.

As socialistas amosaron igualmente a súa sorpresa ante a moción presentada polo PP no pleno municipal do 11 de novembro na que solicitan un "proxecto de extensión e construción

do saneamento polas parroquias do rural" para presentar ante a Deputación de Pontevedra, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria. Indicaron que ese Plan é financiado ao 100% polo Goberno do Estado, toda vez criticaron o ínfimo prazo, un mes, para presentar os proxectos. Igualmente aconsellaron ao PP que prema ante a Xunta para que desconxele o fondo de cooperación local e optar a fondos para saneamento así como de investimentos no colector xeral de Sobrada.

### Nigrán promove os dereitos da infancia en Mozambique

A través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, entidade municipalista que preside o Concello de Nigrán, o Alcalde Juan González vén de anunciar un monto de 20.000€ para a promoción dos dereitos da infancia e a igualdade nos distritos rurais de Boane e Namaacha (provincia de Maputo) e de Massaca, Mahanhane, Mahelane e Changuelane ao sur de Mozambique.

A este monto deben engadirse os 30.000 € do remanente con-



signados o mes pasado para construír unha escola en Guinea-Bissau e 10.000 € para achegar o abastecemento de auga a unha aldea remota de Cabo Verde. O

Concello destina un 0,6% do seu orzamento municipal a proxectos de cooperación ao desenvolvemento comprometido coa consecución da Axenda 2030.

### Volve a campaña "Nadal + Nadal" a Tomiño

Tomiño volve a celebrar a campaña de promoción do comercio local "Nadal + Nadal". Os comercios participantes na campaña terán que comprometerse a manter decorados os seus escaparates ou locais comerciais, con elementos naturais ou reciclados e decoración de Nadal, desde, como mínimo, o día 9 de decembro de 2024 ata o día 6 de xaneiro de 2025, dando lugar á creación da "Ruta Nadal + Nadal".

Os dous primeiros premios

(mellor escaparate e mellor local) estarán dotados con 500€, e outros dous segundos premios (mellor escaparate e mellor local) dotados con 250€ cada un. Tamén as persoas que merquen nos comercios da localidade poderán ser premiados. Establécese un mínimo de 20€ e un máximo de 100€ para participar no sorteo, que se celebrará o propio 27 de decembro tras a apertura de urnas no salón de plenos do Concello.

# Óptica mahen

*mahen* audioprótesis

Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S



## O PSdeG incrementa o seu peso no PSOE estatal

O Alcalde de Vigo, Abel Caballero como vocal; César Mogo -senador lucense, como responsable de Emigración e PSOE Exterior; e Inés Rey, Alcaldesa da Coruña e membro nato como vicepresidenta da FEMP-, forman parte da nova Executiva do PSOE aprobada por maioría abraiante no Congreso do partido celebrado en Sevilla.

Outros galegos que se incorporarán á Executiva son Enma López (Vigo) como responsable de Política Económica e Transformación Dixital; e repite Manuel García Salgado (Lugo), de Memoria Democrática e Laicidade. No Comité Federal, máximo órgano do partido entre congresos, está de novo José Ramón Gómez Besteiro como Secretario Xeral de Galicia e membro nato. O PSdeG aumenta o



seu peso neste órgano con outros seis membros: Valentín González Formoso -presidente da Deputación da Coruña-, Carmela Silva -Presidenta do PSdeG-, José Tomé -presidente da Deputación de Lugo-

, Patricia Otero -deputada no Congreso por Lugo-, Marga Martín -deputada no Congreso por Ourense-, e Marta Álvarez-Santullano -Secretaria de Política Institucional na executiva galega.

## Alumeado eficiente co programa DUS 5000 en Oia

O Concello de Oia desenvolveu un importante proxecto de mellora no sistema de alumeado público en distintos puntos das parroquias de Burgueira e Loureza. A través do programa de desenvolvemento urbano sostible DUS 5000, finan-

ciado con fondos Next Generation EU, un total de 346 luminarias foron substituídas por outras novas, dotadas con tecnoloxías LED e que permiten aforros enerxéticos do 78,09% respecto da instalación antiga.

O proxecto de mellora de efi-

ciencia enerxética desenvolveuse nos núcleos da Aldea, Vilariño, O Campo, Bonaval, Refoxos, Mavia, Santa Comba, Acevedo Grande e Acevedo Pequeno. A actuación global supuxo un investimento de 171.511,45€

## Galicia como refuxio climático



A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta, Ángeles Vázquez, e o reitor da UVigo, Manuel Joaquín Reigosa, asinaron en Ourense un convenio de preto de 40.000€ para reforzar a posición de Galicia como refuxio climático e de dotar aos Concellos de información e fe-

rramentas coas que actuar neste eido a nivel local. A colaboración pretende deseñar unha metodoloxía tanto para elaborar mapas de calor como para a localización de refuxios climáticos, avanzando así na creación de zonas verdes e contribuíndo a elevar o benestar da cidadanía.

## Masterclass instrumental da Eurocidade

O Concello da Guarda, a través da Agrupación Musical da Guarda, ofrecerá do 7 ao 14 de decembro catro masterclass impartidas polos mestres dos conservatorios de Vigo e A Coruña Hansel Luis Díez, José Antonio González

Guevara, Asterio Leiva Piñeiro e Rafael Yebra destinadas aos músicos residentes da Guarda, O Rosal e Caminha, con posibilidade de inscrición como asistentes de residentes doutros Concellos.

## A embaixada de España en Bélxica acolle a presentación da terceira edición do EmigraSON

A Embaixada de España en Bélxica acolleu a presentación formal do EmigraSON 2025, o festival de música galega feito pola mocidade emigrante en Bruxelas. A terceira edición deste evento, que se celebrará o 22 de febreiro na sala La Madeleine, traerá ata a capital comunitaria a música de Tanxugueiras, Fillas de Cassandra, Ter-

butalina e De Ninghures.

O festival, que comezou en 2023 cun público de 200 persoas, multiplica en 2025 o seu aforo ata as 1.300. A iniciativa, levada a cabo por un grupo de mozas e mozos emigrado en Bélxica, busca brindar un espazo de intercambio cultural á comunidade galega que vive no estranxeiro, mais tamén visibilizar a emigración e dar a

coñecer o talento galego no ámbito internacional.

Á presentación asistiron boa parte dos patrocinadores do festival. A conselleira Cultural da Embaixada, Tada Bastida, interveu en nome desta institución que cedeu as súas instalacións para celebrar o evento. A directora da oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, Ana Ramos,



Foto de Fernando Sanz

representou a esta entidade que se fixo cargo do cóctel co que se pechou o evento. Tamén asistiron os eurodeputados Nicolás González Casares, Ana Miranda, Francisco

Millán Mon e Adrián Vázquez Lázara. O cartel de patrocinadores complétase coa Xunta de Galicia, Deleite e a Deputación de Pontevedra.

**GASOLEOS TEA**  
 Distribuidor oficial REPSOL para:  
**CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN**  
**SERVICIO A DOMICILIO**  
 PONTEAREAS | 986 66 13 90  
 | 986 66 13 89  
 A GUARDA | 986 61 43 61  
**REPSOL**

**XERAI S**  
 #PremiosXerais2024

**I'M OBÉLIX**  
**MARTA VILLAR DETECTIVE PENÚNICO**  
**MÁ e o edificio dos persoas extraordinarias**

## ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Manuel Regal Ledo | Membro da Mesa de Redacción da revista Encrucillada

## “Temos unha teima especial: medrar en influencia dentro do mundo relixioso de Galicia”

Creada en Pontevedra o 1º de maio de 1994, a Asociación Encrucillada é unha entidade cultural sen ánimo de lucro. Publica desde 1977 a revista "Encrucillada", de reflexión teolóxica e cultural, en Galicia.. En novembro pasado

emitiu un manifesto revelador sobre a ineficacia das políticas lingüísticas para promover o galego. O seu colaborador e membro da Mesa de Redacción, Manuel Regal Ledo, atendeu as nosas preguntas.

**Entre os obxectivos da Asociación están “promover a lingua e a cultura galegas cunha perspectiva humanista” e “impulsar o diálogo entre a fe e a cultura”. Que iniciativas consideran deben afianzarse para cumprir con esas expectativas?**

Desde o primeiro número en 1977 ata o último do setembro pasado (nº 238), a revista publícase integramente en galego, atendendo aspectos que afectan a realidade lingüística e cultural de Galicia. Cada outono a Asociación Encrucillada celebra tamén un Foro. A nosa visión humanista parte, en concreto, de algo moi simple e fundamental: temos unha identidade como pobo, como universo cultural e mesmo tamén relixioso, froito de millóns e millóns de persoas galegas que durante séculos foron facendo o que somos, con persistencia, con orgullo, mesmo sufrindo desprezos de todo tipo. Entendemos, polo tanto, que a lingua e a cultura galegas son un ben común que non debería ser motivo de belixerancia entre partidos políticos. Temos unha teima especial: medrar en influencia dentro do mundo relixioso, eclesial, de Galicia, para que neses ámbitos se dean pasos claros, se superen reticencias e se chegue a considerar que a fidelidade á propia cultura, ao propio ser, é mesmo unha esixencia da nosa condición de persoas cristiás.

**En novembro, a Asociación emitiu un manifesto no que advertía da “ineficacia das políticas lingüísticas adoptadas para a conservación e promoción do uso do galego”. Qué medidas consideran deben levarse a cabo para incentivar a normalización lingüística?**

Sobre a ineficacia desas medidas abonda con ler os resultados da enquisa do Instituto Galego

de Estatística (IGE) do outubro pasado. Unha medida primeira e moi sinxela: quen nos goberna debe manifestar paixón, sentimento en canto ao galego e nunca percibimos iso. Parece como que se poñen fóra do asunto.

Outra medida sería unha revisión da presenza do galego na TVG especialmente para a infancia e a adolescencia e elaborar material axeitado que puidese circular polas redes. Tamén que na asignatura de historia teña Galicia unha presenza específica e na clase de galego se dea unha información veraz, equilibrada, xusta, do desenvolvemento da nosa lingua, da marxinación sufrida, da normalización da mesma como unha máis dentro do Estado español. E que se dean pasos para chegar a un acordo entre partidos políticos e grupos culturais interesados e preocupados pola situación tan ameazante para a pervivencia do galego.

**Medios oficiais reflectidos na enquisa IGE aseguran que en Galicia “está consolidado un modelo harmónico entre o galego e o castelán”. É isto certo ou estamos máis ben presenciando a progresiva consolidación dun modelo hexemónico a favor do castelán?**

O que está consolidado son os efectos de centos de anos machacando o galego e a quen o defendía baixo a idea de que “o galego é de paifocos, non vale para nada”. O que se está consolidando é unha derrota moi traballada para o galego por quen ía tendo o poder, e, certamente, aceptada en boa medida por quen foi asumindo eses argumentos. Falar de “modelo harmónico” é un insulto porque a desharmonía vén de lonxe, cando durante anos e anos, séculos, se estivo favorecendo descaradamente a unha parte. A legalidade, a harmonía esixe que esta parte mal-

tratada sexa debidamente restituída con medidas que lle faciliten vivir orgullosamente en galego. E isto implica unha campaña, firme, razoada a prol do galego, sen políticas agresivas cara ningunha lingua.

**O manifesto indica tamén que “a Igrexa en xeral sempre se mantivo á beira da cuestión” sobre a normalización lingüística, proponendo a elaboración “dunha enquisa seria que nos permitise ver ata onde o galego está excluído da Igrexa”. Está tan desasistida a nosa lingua nas misas e outras celebracións relixiosas?**

Esa é unha percepción que temos e por iso, para poder falar con precisión, consideramos necesario facer unha enquisa, ou investigación seria ao respecto. É certo que sempre houbo cregos e frades apoiando o movemento pola lingua sobre todo a partir da primeira metade do s. XX, sen irmos xa ao P. Sarmiento (1695-1772), ao cura de Fruíme (1698-1777) e outros clérigos máis. Pero foron sobre todo leigos os que botaron a andar a revista “Logos” (1931-36). Cando, a partir do Concilio Vaticano II (1962-1965), se permitiu que no canto do latín se puidesen empregar as linguas vernáculos, os bispos galegos optaron polo castelán, cando poderían poñer galego, ou en ámbalas dúas. E, unha vez máis foi un laicado relixioso galeguista o que pelexou para que o galego fora autorizado. E tamén foron persoas leigas as que fundaron a editorial SEPT en Vigo co énfase na edición do libro relixioso galego, empezando xa pola mesma Biblia. Leigas foron tamén --con algúns curas polo medio-- as persoas que conseguiron en 1976 que o Concilio Pastoral de Galicia dictase unhas proposicións definitivas moi esperanzadoras sobre



o uso do galego na liturxia.

Un ano antes (1975) o bispo de Mondoñedo-Ferrol Miguel Anxo Araújo Iglesias publicara unha carta senlleira titulada “A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega”, na que por primeira vez na nosa historia un xerarca católico urxia, razoando sabiamente, ao emprego da lingua galega na práctica eclesial. E houbo unha activación desta aposta pola lingua na Igrexa galega. Fóronse publicando a Biblia, os Leccionarios, o Misal, diferentes rituais; o equipo interdiocesano ofreceu en galego unhas catequeses que mesmo foron traducidas ao castelán. Un grupo de cregos de Mondoñedo-Ferrol botou a andar “Boa Nova”, unha iniciativa que ofrecía materiais para a liturxia en galego. No 1977 nace “Encrucillada”, revista galega de pensamento cristián, e no 1981 nace tamén a revista IRIMIA, revista de crenzas galego/as que vai no número 1.063, que aposta igualmente pola normalización da lingua.

Pero nin todos os cregos nin todas as dioceses fixeron tal aposta. Non se fixo un plan serio, ordenado, compartido polas diferentes dioceses, para conseguir a normalización do galego na liturxia católica. Co Papa Xoán Paulo II deuse en certo modo unha volta atrás na liña de pensamento e de acción da Igrexa. Na formación dos seminaristas non se lle deu importancia á cuestión da lingua, e os cregos novos que saían en xeral non demostraron aprecio polo galego. Se alguén debiera ser sensible á marxinación que houbo e segue a haber cara a

unha colectividade esa debiera ser a Igrexa, se tomase en serio iso de arrimarse ao débil, identificarse con el e defendelo. Calquera crente que o desexe atopará serias dificultades para compartir unha Misa en galego en calquera das cidades, e mesmo vilas galegas. No rural será máis doado.

**Tamén advirten que, ante “a escaseza de clero, estase favorecendo a presenza de curas sudamericanos” distantes coa realidade social, cultural e lingüística galega. Como consideran pode revertirse esta situación?**

O que comprobamos día tras día é que, ante a escaseza de clero en xeral nas cinco dioceses galegas, recíbense como “pans caídos do ceo” os curas estranxeiros que queiran colaborar na atención relixiosa, ben porque están aquí estudando e temporalmente poden compatibilizar os estudos coa atención pastoral, que lles dá recursos económicos; ben, porque deciden quedarse máis ou menos definitivamente aquí. Isto non tería especial problema se as cousas se fixesen con certa prevención. Normalmente cando os nosos curas ou relixiosos e relixiosas ou segrares ían de misión a países estranxeiros (África e América sobre todo), esixíasilles un tempo longo de preparación que, entre outras cousas, supoñía un coñecemento da lingua, da cultura, da realidade social, económica, política, eclesial, do lugar a onde ían desempeñar a súa función.

**Continúa na web:**  
<https://xnea.eu/32z>

## “A miña relación cos Alcaldes e Alcaldesas da provincia é magnífica”

**Luís López, presidente da Deputación de Pontevedra, presentou en Ponteareas o Balance 2024 do ente provincial**

O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, acompañado da Alcaldesa de Ponteareas e deputada provincial de Turismo, Nava Castro, ofreceu o Balance 2024 do ente provincial no que se realizaron “investimentos de 23 millóns de euros en 15 Concellos” da provincia. Este encontro é o primeiro “dunha ducia que se realizarán ao longo da provincia”.

López realizou un repaso sobre as principais actividades desenvolvidas durante este ano en base a catro eixes prioritarios: o Plan +Provincia (no que prometeu un novo orzamento récord para 2025); o primeiro Plan de Investimentos en Infraestruturas deportivas; o PON2030; e o Plan en Infraes-

truturas.

No balance detallou os investimentos realizados nos Concellos do Condado-Paradanta ao que se engade Salceda de Caselas, explicando que os criterios de reparto das axudas están establecidos en torno á poboación e extensión xeográfica “cun monto inicial fixo para cada Concello establecido en 75.000€”. Adiantou que para o vindeiro ano se impulsará unha iniciativa de Reto Demográfico dentro do plan +Provincia orientado a paliar o envellecemento e perda de poboación. Informou así que están levando a cabo unha política de “discriminación positiva” en 39 dos 61 Concellos da provincia que afrontan este problema demográfico.

Neste balance, López asegurou que a súa relación “cos Alcaldes e Alcaldesas da provincia é magnífica e excepcional, independentemente da súa cor política”. Non obstante, pediu “un maior consenso co goberno central” en temas específicos de gran importancia para o desenvolvemento da provincia como son as bonificacións para a AP-9 cuxos peaxes considerou como “inadmisibles”; as conexións ferroviarias do AVE Vigo-Porto e a Saída Sur; o Estatuto para o Traballador Transfronteirizo; e o Dragado do Río Miño, vital polos seus recursos pesqueiros.

En materia turística enfatizou na marca Rías Baixas a través da súa promoción “do Atlántico ao Interior” da provincia grazas á



iniciativa “61 Rías Baixas”. Tamén informou da promoción da Vía Mariana e do Camiño do Taberneiro, transitado dende xaneiro pasado por unhas 178 persoas, segundo indicou Nava Castro.

A cooperación transfronteiriza, a mobilidade entre os Concellos enfatizando na promoción da rede de cercanías ferroviarias e a pro-

moción do galego con 100.000€ de incremento na partida orzamentaria foron outros dos temas abordados neste balance da presidencia provincial. Outras iniciativas analizadas neste balance foro Cultureae con 53 entidades culturais; +Música en apoio a seis entidades veciñais; e +Aqua para doce comunidades de auga.

O  
nos  
Nadal

a nosa provincia, a nosa xente, as nosas tradicións,  
a nosa ledicia, o noso agarimo

os nosos bos desexos para todas e todos

*Felices festas e próspero 2025*

Cofrece a programación de Nadal  
escaneando o código

Deputación  
Pontevedra

# La Estación de Montaña de Manzaneda totalmente revisada para el frío y la nieve

**Manzaneda**  
Estación de Montaña

Parque **MULTIAVENTURA**



Esquí alpino  
Snowboard  
Escuela de esquí

**TARIFAS DE INVIERNO**  
**CALENDARIO TEMPORADA 2024-25**



**Servicio continuo de Bus Lanzadera gratuito** de ida y vuelta desde las **09:00** hasta las **18:30 h**, entre la zona de estacionamiento de vehículos particulares y las taquillas, cafetería y apartamentos.



**Piscina climatizada deportiva**  
**Piscina contracorriente**



**Circuito termal**



**Jacuzzi y sauna**



**Rocódromo indoor**  
**Pickleball y tenis indoor**  
**Pabellón polideportivo**



**Alojamiento**

- Apartamentos: 34
- Albergue Queixa: 66 plazas
- Albergue Bibei: 88 plazas

Información y reservas  
Aparthotel Estación de Montaña Manzaneda

**Restauración**

- Tapería A Tasquiña.
- Cafetería (servicio de 16 h).
- Restaurante autoservicio.
- Restaurante Os Arandos.
- Dos puntos de venta de pollos asados COREN.



**Manzaneda**  
Estación de Montaña

